

diante da Deputación da correspondente factura.

Ambas as dúas entidades actuarán axustando toda a súa intervención ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

#### VI.-PUBLICIDADE

Ambos os dous organismos figurarán en toda a publicidade que das xornadas se realice como entidade organizadoras.

#### VII.- PARTICIPACIÓN EN ÓRGANOS DE SELECCIÓN

A DPAC, poderá nomear un representante para participar nos órganos de selección que, se fose o caso, se constituísen.

#### VIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio será de tres meses, que serán contados a partir da data da súa sinatura polas partes, e terá efectos retroactivos que se contarán desde o 1 de abril do presente ano.

2.- Non obstante o sinalado, e logo da solicitude de calquera das partes intervintes, que deberá ser realizada antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes, por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

4.-Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

#### IX.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na *Ley de Contratos del Sector Público* e na *Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común*.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento integrada por dúas persoas en representación da Deputación Provincial da Coruña, nomeadas polo seu Presidente e dúas persoas en representación do Imce, nomeadas polo seu presidente.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia número 8264 de 20 de abril de 2016

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE, P.D.  
A DEPUTADA DE CULTURA E NORMALIZACIÓN  
LINGÜÍSTICA,



Asdo: GORETTI SANMARTIN REI

O PRESIDENTE DO INSTITUTO MUNICIPAL CORUÑA  
ESPECTÁCULOS,



Asdo.: XULIO FERREIRO BAAMONDE



EXCMA. DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA  
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION

Número 79/2016

### CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO MUNICIPAL CORUÑA ESPECTÁCULOS E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA PARA A ORGANIZACIÓN DAS XORNADAS SOBRE A INCLUSIÓN SOCIAL E A EDUCACIÓN NAS ARTES ESCÉNICAS "ARTES ESCÉNICAS Y COMUNIDAD"

Na cidade da Coruña, a 9 de mayo de 2016

#### COMPARECEN

De una parte, Xulio Xosé Ferreiro Baamonde con NIF 32.819.926-F, como Presidente do *Instituto Municipal Coruña Espectáculos*, con CIF Q-1500358-E, e domicilio na Avda. A Marina, 18 (edificio Casa Paredes), 15001 A Coruña, a quen denominaremos en adiante **IMCE**.

Dona Goretta Sanmartín Rei, Deputada de Cultura e Normalización Lingüística da *Deputación Provincial da Coruña*, con CIF P-1500000-C, e domicilio na Avd. Alférez Provisional, s/n, 15002 A Coruña, en virtude da resolución da Presidencia num. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área neste organismo, a quen en adiante denominaremos **DPAC**.

Ambos os comparecentes recoñécense mutuamente competencia e capacidade plena para formalizar o presente convenio e, en consecuencia,

#### EXPOÑEN

I.- O IMCE, organismo autónomo do Concello da Coruña, considera de máximo interese, para o mellor cumprimento dos seus fins, xestionar, promocionar e realizar todos aqueles programas específicos ligados ao mundo do espectáculo e da cultura.

II.- De acordo co sinalado no parágrafo anterior, o IMCE considera de interese público o desenvolvemento das VIII Jornadas Sobre LA Inclusión Social y la Educación en Las Artes Escénicas, en 2016 polo seu obxectivo de visualizar e poñer en valor a creación artística estatal de artes escénicas orientada á inclusión social, e ao empoderamento persoal e dos colectivos, así como de promover a súa profesionalización, exhibición e difusión.

III.-A Diputación da Coruña, en virtude das competencias que en materia de Cultura lle confire o art. 18 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia e o art. 36.1.d a Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 27/2013, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, e por estar en sintonía co sinalado e compartir os criterios que no parágrafo II se sinalan, está interesada en organizar conxuntamente co IMCE as actividades que se desenvolvan con motivo da realización das VIII Jornadas Sobre LA Inclusión Social y la Educación en Las Artes Escénicas, en 2016 baixo o lema "Artes escénicas y comunidad".

Segundo as consideracións expostas, a Deputación da Coruña e o Organismo Autónomo do Concello da Coruña acordan subscribir o presente convenio para establecer a relación de colaboración correspondente, de acordo coas seguintes:

#### CLÁUSULAS

##### I.- OBXECTO.-

O IMCE e a DPAC están interesados en cooperar na organización das VIII Jornadas Sobre la Inclusión Social y la Educación en Las Artes Escénicas, en 2016 baixo o lema "Artes escénicas y comunidad", que se desenvolverán de acordo co seguinte programa:

**Mércores 20.04.2016:**

20.30 h. Espectáculo de inauguración: Las Muchas. Dirección: Mariantònia Oliver. Proceso creativo realizado con mulleres da Coruña.

21.30 h. Encontro coa directora, os artistas e os participantes

**Xoves 21.04.2016:**10.00 h. Relator: Jean-Frédéric Chevallier. Prácticas escénicas contemporáneas e traballo en comunidade

11.00 h. Preguntas e debate

12.00 h. Relator: Ester Bonal: Xamfrà: un centro de música e escena no barrio do Raval de Barcelona

13.00 h. Preguntas e debate

13.30 h. Información técnica sobre os talleres da tarde

15.30h. Relator: Marga Íñiguez. Conversatorio. Xerando estratexias creativas para a vinculación, participación e inclusión a través das Artes. Como desenvolver a creatividade individual e colectiva.

17:30 h. a 20:30 h

Taller 1 Beatriz Santiago (taller práctico): Madremanya: Procesos artísticos para a transformación social. Teatro Colón (sala) (taller 30 persoas)

Taller 2 Hugo Cruz (taller teórico-práctico): Arte e comunidade: perspectivas transversais. Casa Casares Quiroga (biblioteca)

Taller 3 Grupo Chévere (Xron e Patricia de Lorenzo) (taller teórico-práctico). Eroski Paraíso: colectivizar a Memoria. Quiosco Alfonso

Taller 4 Arístides Vargas (taller práctico). Memoria e esquecemento: unha reconstrución comunitaria do pasado. Teatro Colón (Escenario)

Taller 5 Rafael Lamata (taller teórico-práctico). O baile da atención. Aproximación aos procesos de investigación creativa. Fundación Luis Seoane

21.00h. Espectáculo: Vida laboral. Dirección: Claudia Faci. Proceso creativo realizado con homes da Coruña. Teatro Rosalía Castro

22.00h. Encontro coa directora, a compañía e os participantes.

**Venres 22.04.2016:**

09.30h. Relator: Arístides Vargas. A obra de teatro como espazo de inclusión

10.30h. Preguntas e debate

11.30h. Comunicacions dos participantes nas VIII Xornadas

13.00h. Preguntas e debate

17.30h a 19:30 h

Taller 6 Jean-Frédéric Chevallier (taller teórico-práctico). Comunidade e escena: representación ou presentación? Teatro Rosalía Castro

Taller 7 Pax Dettoni (taller práctico). Educación emocional para as artes. A clave da empatía nos procesos colectivos do traballo comunitario. Teatro Colón (sala de ensaio)

Taller 8 Ester Bonal (taller práctico). O tear de música. Casa Casares Quiroga (sala de exposición)

Taller 9 Jorge Barroso (Bifu)(taller teórico-práctico). A rebelión do Augusto.

Taller 10 Marga Íñiguez (taller teórico-práctico). Creatividade en march. Quiosco Alfonso (sala de reunións)

20.00h. Peche e balance das Xornadas

20.30h. Proxección do documental: Cidadãos de corpo inteiro/Ciudadanos de cuerpo entero.

(Portugal). 85 minutos. Realizadora: Patricia Poçao / Director artístico: Hugo Cruz Producido por PELE e TNSJ sobre o proceso de construción do espectáculo teatral MAPA-Ou Jogo dá Cartografía

Ao finalizar a proxección haberá un encontro coa realizadora do documental e o director artístico do espectáculo.

## II.-OBRIGAS DAS PARTES.-

O IMCE asume a realización dos traballos de xestión e de organización da totalidade das xornadas, así como o custo dos gastos correspondentes ás actividades que se desenvolverán os días 21 e 22, e os do uso dos locais municipais correspondentes, incluíndo os gastos de produción, equipos e uso do Teatro Rosalía de Castro durante 11 días.

A DPAC asume o pago dos custos dos gastos correspondentes as actividades que se desenvolven o día 20, así como os da cesión do uso do Teatro Colón os días 20 e 21 de abril, de acordo co aprobado por resolución da presidencia núm. 2015/27529 e os da maquetación, edición e impresión das carpetas, programas e carteis de mes, segundo a autorización da resolución da presidencia núm. 2016/3750, modificada pola resolución núm. 2016/5867.

## III.-ORZAMENTO

Os gastos calculados serán distribuídos entre os dous organismos segundo o orzamento seguinte:

### IMCE:

Caché Espectáculo: Vida laboral	2.420,00
Honorarios talleres	800,00
Deseño material gráfico	3.388,00
Atencións protocolarias e manutencións	2.000,00
Traducción e subtitulación película	1.000,00
Traducción á linguaxe de signos	654,36
Gastos de persoal complementario do Teatro Rosalía	1.100,00
Rexistro audiovisual e fotográfico	3.637,64
<i>Suma</i>	<i>15.000,00 €</i>

### DPAC:

Caché As Muchas	3.496,90
Gastos imprenta	715,76
Coste produción Teatro Colón 2 días	6.050,00
<i>Suma</i>	<i>10.262,66 €</i>

**Suma total 25.262,66 €**

## IV.- INGRESOS E OUTRO FINANCIAMENTO

Se o custo total das xornadas superase a cantidade de 25.262,66 € á que ascende a suma das aportacións das dúas entidades, o IMCE, en tanto que se constitúe en entidade xestora da actividade, poderá obter outro financiamento público ou privado, coa finalidade de cubrir o déficit de financiamento que se podese producir.

En ningún caso, a DPAC aportará á organización das xornadas cantidade ningunha, maior que a sinalada no apartado anterior, nin aboará outra cantidade que a correspondente ao pago do caché da obra "As Muchas".

A recadación da venda de billetes corresponderá ao IMCE. Establécese como prezo de entrada aos espectáculos o de 5,00 €, (4,00 € para maiores de 65 anos, persoas desempregadas e posuidores do carnet xove, e entrada gratuita para os inscritos nas xornadas que así o soliciten).

Os ingresos que se xeren pola venda das entradas dos dous espectáculos que se inclúen nas xornadas e que poderían acadar unha cantidade máxima de 6.000,00 € (aforo calculado para cada espectáculo no Teatro Rosalía=600 x 5,00€ precio máximo da entrada), serán destinados a cubrir os gastos de produción do local así como ao pago dos dereitos de autor correspondentes.

A DPAC contará cun máximo de 20 entradas para a súa distribución en concellos da provincia.

## V.- CONTRATACIÓN, PAGOS E XUSTIFICACIÓN

O IMCE, asume a xestión das actividades que se desenvolven dentro das xornadas, e aboará os gastos que, en consonancia co sinalado na cláusula III do presente convenio, lle corresponden.

A DPAC aboará á compañía Mariantònia Oliver o caché correspondente á representación da obra "As Muchas", cuxo importe acada a cantidade de 3.496,90 €. O pago será feito despois da realización da actuación, e da presentación